

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE, E MEDIO RURAL E MARIÑO

**12753** *Real decreto 1303/2009, do 31 de xullo, sobre declaracións obrigatorias no sector vitivinícola e polo que se modifica o Real decreto 1244/2008, do 18 de xullo, polo que se regula o potencial de produción vitícola.*

O Regulamento (CE) n.º 1234/2007, do Consello, do 22 de outubro de 2007, polo que se crea unha organización común de mercados agrícolas e se establecen disposicións específicas para determinados produtos agrícolas (regulamento único para as OCM), derroga e substitúe todos os regulamentos que o Consello adoptou desde o establecemento da política agrícola común, no marco da creación das organizacións comúns de mercado para os produtos ou grupos de produtos agrícolas, co fin de simplificar o contorno normativo da política agrícola común (PAC), entre outros o Regulamento (CE) 479/2008 do Consello, do 29 de abril de 2008, polo que se establece a organización común do mercado vitivinícola. Este Regulamento (CE) 1234/2007 foi modificado polo Regulamento (CE) 491/2009, do Consello, do 25 de maio, que introduce substanciais innovacións no sector vitivinícola.

Por outra parte, o Regulamento (CE) número 436/2009 da Comisión, do 26 de maio de 2009, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) número 479/2008, do Consello, no que respecta ao rexistro vitícola, ás declaracións obrigatorias e á recompilación de información para o seguimento do mercado, aos documentos que acompañan o transporte de produtos e aos rexistros que se deben levar no sector vitivinícola, establece a necesidade de que os Estados membros teñan que adoptar os modelos nacionais das declaracións consideradas, á vez que os faculta para regular diversos aspectos relacionados con eles. Este contido na actualidade figura en termos idénticos no Regulamento (CE) número 1234/2007 do Consello, do 22 de outubro de 2007, na súa versión procedente do Regulamento (CE) número 491/2009, do Consello, do 25 de maio de 2009, mencionado no parágrafo anterior.

A Lei 24/2003, do 10 de xullo, da viña e do viño, establece un réxime de infraccións e sancións e outras medidas complementarias que se deben aplicar sen prexuízo do establecido na normativa comunitaria.

Este real decreto dá cumprimento á citada obriga, desenvolvendo as facultades normativas de aplicación, conferidas aos Estados membros no ámbito considerado, e establecendo os modelos cos datos mínimos que deben conter as declaracións do sector vitivinícola.

Por outro lado, incluíuse unha nova declaración de destino da produción das plantacións ilegais co fin de mellorar a rastrexabilidade e o coñecemento do destino das producións destas plantacións xa que estas producións non se poden comercializar.

Tamén se incluíu unha modificación do Real decreto 1244/2008, do 18 de xullo, polo que se regula o potencial de produción vitícola, co fin de mellorar a aplicabilidade do réxime de abandono de viñedo.

A regulación básica contida nesta disposición efectúase mediante real decreto, dado que se trata dunha materia de carácter marcadamente técnico, intimamente ligada ao desenvolvemento da normativa comunitaria.

Durante a tramitación desta disposición foron consultadas as comunidades autónomas, así como as entidades representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros, na súa reunión do día 31 de xullo de 2009,

## DISPOÑO:

**Artigo 1. *Obxecto.***

Este real decreto ten por obxecto establecer a normativa básica en materia de declaracións obrigatorias do sector vitivinícola necesaria para o desenvolvemento do Regulamento (CE) número 1234/2007, do 22 de outubro de 2007, polo que se crea unha organización común de mercados agrícolas e se establecen disposicións específicas para determinados produtos agrícolas (regulamento único para as OCM), e o Regulamento (CE) número 436/2009 da Comisión, do 26 de maio de 2009, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) número 479/2008, do Consello, no que respecta ao rexistro vitícola, ás declaracións obrigatorias e á recompilación de información para o seguimento do mercado, aos documentos que acompañan o transporte de produtos e aos rexistros que se deben levar no sector vitivinícola.

**Artigo 2. *Definicións.***

Para os efectos de aplicación deste real decreto entenderase por:

- a) «Colleiteiro». É a persoa física ou xurídica, ou agrupación de persoas físicas ou xurídicas con independencia da forma xurídica da agrupación ou dos seus membros, que obtén o produto anual da parcela de viñedo ben por ser o seu propietario, ben por ter atribuído un dereito sobre ela.
- b) «Titular do viñedo». É a persoa física ou xurídica, ou agrupación de persoas físicas ou xurídicas con independencia da forma xurídica da agrupación ou dos seus membros, que ten os dereitos de plantación ou replantación sobre o cultivo, ben como consecuencia dun dereito de propiedade, ben porque teña atribuído un dereito de disposición sobre o cultivo.
- c) «Produtor». Calquera persoa física ou xurídica, ou agrupación de tales persoas que producen mosto ou viño a partir de uva fresca, de mosto de uva, de mosto de uva parcialmente fermentado ou de viño novo en proceso de fermentación, obtidos por eles mesmos ou comprados.
- d) «Plantación ilegal». Parcelas plantadas de vide sen autorización da Administración.

**Artigo 3. *Declaración de existencias.***

1. Todas as persoas físicas ou xurídicas, ou agrupación de persoas físicas ou xurídicas con independencia da forma xurídica da agrupación ou dos seus membros, que teñan no seu poder viños ou mostos, e que non sexan consumidores privados ou retalistas, deberán presentar anualmente unha declaración por adega ou almacén das existencias dos mostos de uva, dos mostos de uva concentrados, dos mostos de uva concentrados rectificadas e dos viños que tiñan no seu poder o 31 de xullo de cada ano.

2. A declaración de existencias deberase formalizar nos formularios ou soportes que dispoñan para o efecto as respectivas comunidades autónomas, os cales conterán, polo menos, os datos que figuran no anexo I.

3. A declaración de existencias presentarase ata o 10 de setembro de cada ano ante o órgano competente da comunidade autónoma onde radique a adega ou almacén en que viños ou mostos se encontran almacenados, ou en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

**Artigo 4. *Declaración de colleita.***

1. Todos os colleiteiros deberán presentar anualmente unha declaración de colleita que se deberá formalizar nos formularios ou soportes que dispoñan para o efecto as respectivas comunidades autónomas, os cales conterán, polo menos, os datos que figuran no anexo IIa e IIb. Quedan exentos na presentación da declaración de colleita aqueles colleiteiros que cumpran algunha das seguintes condicións:

a) Asúa produción total de uva se destine ao consumo en estado natural, á pasificación ou á transformación directa en zume de uva.

b) A explotación teña menos de 0,1 hectáreas de viña en produción sempre que non comercialice ningunha parte da súa colleita ou que entregue a totalidade da súa colleita a unha adega cooperativa ou a unha agrupación da cal sexan socios ou membros.

2. A declaración de colleita presentarase ata o 10 de decembro de cada ano ante o órgano competente da comunidade autónoma onde radiquen as parcelas de viñedo, ou en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. Aquelas comunidades autónomas que dispoñan de medios informáticos que permitan vincular os colleiteiros que deban presentar anualmente a declaración coa produción declarada e coas parcelas de viñedo de que proveñen esas producións, poderán excluír os seus colleiteiros da presentación do anexo IIb.

#### Artigo 5. *Declaración de produción.*

1. Todos os produtores que elaborasen mosto ou viño da colleita da campaña en curso deberán presentar anualmente unha declaración de produción por instalación, referida ao 25 de novembro. Quedan exentos na presentación da declaración de produción:

a) Os produtores que son colleiteiros exentos da presentación da declaración de colleita, por cumpriren as condicións establecidas nos supostos a) ou b) do número 1 do artigo 4 deste real decreto.

b) Os produtores que obteñan nas súas instalacións, mediante vinificación de produtos comprados, unha cantidade de viño inferior a 10 hectolitros (1.000 litros), non destinada á comercialización.

c) Os socios ou membros dunha adega cooperativa suxeita á obriga de presentar unha declaración que entreguen toda a súa produción á citada adega cooperativa, aínda que reserven para eles unha pequena parte para obter mediante vinificación unha cantidade de viño inferior a 10 hectolitros (1.000 litros) destinada ao seu consumo particular.

2. As declaracións de produción deberanse formalizar nos formularios ou soportes que dispoñan para o efecto as respectivas comunidades autónomas, os cales conterán, polo menos, os datos que figuran nos anexos III, IIIa e IIIb.

As persoas obrigadas presentarán unha declaración de produción por cada instalación, utilizando un único exemplar do anexo III xunto cos necesarios do anexo IIIa e IIIb.

3. As declaracións presentaranse entre o 26 de novembro e o 10 de decembro de cada ano ante o órgano competente da comunidade autónoma onde radiquen as adegas ou almacén, ou en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

#### Artigo 6. *Declaración de destino de producións de plantacións ilegais.*

1. Sen prexuízo do disposto nos artigos 85 bis e 85 ter do Regulamento (CE) n.º 1234/2007, do Consello, do 22 de outubro de 2007, polo que se crea unha organización común de mercados agrícolas e se establecen disposicións específicas para determinados produtos agrícolas (regulamento único das OCM), o responsable dunha plantación ilegal de viñedo ou, no seu defecto, o propietario da parcela de viñedo, deberá presentar anualmente unha declaración de destino das producións de plantacións ilegais de viñedo para as producións que non se poden comercializar en virtude do artigo 15 do Real decreto 1244/2008, do 18 de xullo, polo que se regula o potencial de produción vitícola, nos formularios ou soportes que dispoñan para o efecto as respectivas comunidades autónomas, que conterán, polo menos, os datos que figuran no anexo IV.

2. A declaración de destino das producións de plantacións ilegais presentarase ata o 10 de decembro de cada ano ante o órgano competente da comunidade autónoma onde

radiquen as plantacións ilegais de viñedo, ou en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 7. *Información e seguimento.*

1. As comunidades autónomas facilitarán ao Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño canta información sexa necesaria para o cumprimento das obrigas de comunicación á Comisión da Unión Europea previstas na normativa comunitaria, cunha antelación mínima de trinta días aos prazos límite establecidos para cada suposto.

2. O Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño e as comunidades autónomas intercambiarán, preferentemente por vía electrónica, a información necesaria para facilitar o seguimento das disposicións recollidas neste real decreto.

Artigo 8. *Incumprimento da obriga de declarar e sancións.*

1. Os obrigados a presentar a declaración de existencias, de colleita de uva, de produción e de destino das producións de plantacións ilegais que non o fagan nos prazos establecidos neste real decreto incorrerán en infracción leve, de conformidade co artigo 38.1 d) da Lei 24/2008, do 10 de xullo, da viña e do viño.

2. A falta dalgunha das declaracións obrigatorias relativas a uvas, viños e mostos, así como os erros, inexactitudes ou omisións nelas que afecten as características dos produtos ou mercadorías consignados, constituirá unha infracción grave tipificada no artigo 39.1, alíneas a) e b) da Lei 24/2003, do 10 de xullo, da viña e do viño.

3. Ademais do disposto nos números 1 e 2 deste artigo, tamén serán de aplicación as sancións establecidas no artigo 18 do Regulamento (CE) número 436/2009 da Comisión, do 26 de maio de 2009.

Disposición adicional única. *Factor de conversión da uva en viño.*

Para os efectos previstos neste real decreto, para a conversión das cantidades de uva en viño utilizarase o factor de 0'74 hectolitros de viño por cada 100 quilogramos de uva.

Disposición derogatoria. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas normas de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste real decreto e, en particular:

- a) O Real decreto 1227/2001, do 8 de novembro, sobre declaracións de existencias, colleita de uva e produción, do sector vitivinícola.
- b) O Real decreto 373/2003, do 28 de marzo, de medidas urxentes no sector vitivinícola.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Real decreto 1244/2008, do 18 de xullo, polo que se regula o potencial de produción vitícola.*

O Real decreto 1244/2008, do 18 de xullo, polo que se regula o potencial de produción vitícola, queda modificado como segue:

Un. A alínea b) do número 1 do artigo 18 queda redactada do seguinte modo:

«b) Non ter recibido ningunha axuda comunitaria en virtude de calquera outra organización común de mercado nas cinco campañas vitícolas anteriores á solicitude de arrinca.»

Dous. A alínea f) do número 1 do artigo 18 queda redactada do seguinte modo:

«f) Estar inscritas no rexistro vitícola a nome do titular un tempo mínimo dun ano antes do 1 de agosto do ano en que se presente a solicitude de arrinca de viñedo.»

Tres. O número 2 do artigo 23 queda redactado do seguinte modo:

«2. As comunidades autónomas comunicarán aos titulares das superficies a aceptación da solicitude de arrinca, unha vez comprobadas as condicións de elixibilidade previstas na letra c) do número 1 do artigo 18, así como a prima que se lles concederá e a data límite ata a que se poderá realizar a arrinca e que en todo caso deberá ser anterior ao 30 de abril do ano seguinte a aquel en que se presentou a solicitude de arrinca.».

Catro. O número 2 do artigo 24 queda redactado do seguinte modo:

«2. No caso de que tras o control sobre o terreo se comprobase que o titular non arrincou a totalidade da superficie para a cal se aceptou a solicitude de prima de abandono, non percibirá ningunha axuda do réxime de abandono de viñedo e será considerado como infracción leve segundo o previsto no artigo 38.1.g) da Lei 24/2003, do 10 de xullo, da viña e do viño, e será sancionado de conformidade co establecido no artigo 42.1 da citada lei.».

Disposición derradeira segunda. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.13ª da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Disposición derradeira terceira. *Facultade de desenvolvemento.*

Facúltase a titular do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño para modificar os anexos deste real decreto de acordo coas modificacións da normativa comunitaria.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado no Consulado Honorario de España en Funchal o 31 de xullo de 2009.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Medio Ambiente,  
e Medio Rural e Mariño,  
ELENA ESPINOSA MANGANA

**ANEXO I**
**Declaración de existencias de viños e mostos no 31 de xullo de 20\_\_**

[Aplicación do artigo 11 do R(CE) 436/2009]

Código (\*)

(Cando se dispoña de etiquetas identificativas con todos os datos correctos, deberanse adherir encima dos cadros A e B)

**CADRO A**

DATOS DO PROPIETARIO DAS EXISTENCIAS	
Alta <input type="checkbox"/>	Baixa <input type="checkbox"/>
Modificación <input type="checkbox"/>	Produtor <input type="checkbox"/>
Almacenista <input type="checkbox"/>	Persoa física <input type="checkbox"/>
Cooperativa <input type="checkbox"/>	SAT <input type="checkbox"/>
Soc. mercantil <input type="checkbox"/>	Outras <input type="checkbox"/>
NIF	
Apelidos e nome ou razón social .....	
Domicilio .....	
Localidade .....	(*) <input type="text"/>
Provincia .....	C.P. <input type="text"/>
Número de teléfono .....	

**CADRO B**

DATOS DA ADEGA OU ALMACÉN EN QUE SE ENCONTRAN AS EXISTENCIAS	
Alta <input type="checkbox"/>	Baixa <input type="checkbox"/>
Modificación <input type="checkbox"/>	Adega <input type="checkbox"/>
Almacén <input type="checkbox"/>	N.I.D.P.B. <input type="text"/>
Apelidos e nome ou razón social do propietario .....	
Nome da industria .....	
Domicilio da industria .....	
Localidade .....	(*) <input type="text"/>
Provincia .....	C.P. <input type="text"/>
Núm. industrias agrarias .....	
Número de teléfono .....	

**CADRO C**

PRODUCTOS	EXISTENCIAS TOTAIS hl	TINTOS E/OU ROSADOS hl	BRANCOS hl	OBSERVACIONES
<b>VIÑOS (A GRANEL E ENVASADOS)</b>				
<b>1. EXISTENCIAS EN PODER DE PRODUTORES</b>				
1.1. Viños con denominación de orixe protexida				
1.2. Viños con indicación xeográfica protexida				
1.3. Viños varietais sen DOP ou IXP				
1.4. Viños sen indicación xeográfica				
1.5. Outros viños				
<b>TOTAL</b>				
<b>2. EXISTENCIAS EN PODER DE ALMACENISTAS</b>				
2.1 Viños procedentes da UE				
2.1.1 Viños con denominación de orixe protexida				
2.1.2 Viños con indicación xeográfica protexida				
2.1.3 Viños varietais sen DOP ou IXP				
2.1.4 Viños sen indicación xeográfica				
2.1.5 Outros viños				
2.2 Viños procedentes de países non pertencentes á UE				
<b>3. TOTAL (1+2)</b>				
<b>MOSTOS DE UVA</b>				
<b>1. EXISTENCIAS EN PODER DE PRODUTORES</b>				
1.1. Mosto concentrado				
1.2. Mosto concentrado rectificado				
1.3. Outros mostos				
<b>TOTAL</b>				
<b>2. EXISTENCIAS EN PODER DE ALMACENISTAS</b>				
2.1. Mosto concentrado				
2.2. Mosto concentrado rectificado				
2.3. Outros mostos				
<b>3. TOTAL (1+2)</b>				

NOTA: Antes de cubrir este impreso, lea detidamente as instrucións reflectidas no dorso.

(\*) Para cubrir a Administración.

Autorízase a inclusión dos datos persoais declarados en ficheiros automatizados, para a súa utilización de acordo co previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e nas disposicións que a desenvolven.

..... de ..... de 20....

O PROPIETARIO DAS EXISTENCIAS,

## DORSO DO ANEXO I

**PERSOAS OBRIGADAS A PRESENTAR A DECLARACIÓN**

Todas as persoas físicas ou xurídicas, ou as súas agrupacións, que non sexan consumidores privados ou retallistas e que posúan o 31 de xullo: viño, mosto, mosto de uva concentrado ou mosto de uva concentrado rectificad. Para estes efectos consideraranse retallistas as persoas físicas ou xurídicas, ou as súas agrupacións, que exerzan profesionalmente unha actividade comercial que implique a venda de viño en pequenas cantidades directamente ao consumidor, excluídos os que utilicen adegas equipadas para o almacenamento e o envasado dos viños en grandes cantidades.

**NÚMERO DE DECLARACIÓNS QUE DEBERÁ PRESENTAR CADA PERSOA OBRIGADA**

O propietario das existencias cubrirá unha declaración por cada adega ou almacén en que estas se encontren.

Cando as existencias situadas nunha mesma adega ou almacén sexan propiedade de varias persoas, cada unha delas formalizará unha declaración independente, relativa á parte da súa propiedade.

**PRAZO DE PRESENTACIÓN**

Ata o día 10 do mes de setembro.

**LUGAR DE PRESENTACIÓN**

Ante o órgano designado pola comunidade autónoma onde radique a adega ou almacén; a presentación pódese realizar mediante entrega no rexistro, envío por correo certificado ou calquera outro procedemento previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

**INCLUSIÓN DOS DATOS SOLICITADOS NO IMPRESO**

**CADRO A.** Sinalarase con X o recadro que corresponda en cada caso:

- Alta, cando sexa a primeira vez que se presenta a declaración; baixa, para a comunicación do cesamento na actividade industrial que implica a propiedade de existencias; modificación, se cambiou a súa razón social, domicilio, etc.
- Produtor e/ou almacenista.
- Persoa física, cooperativa, SAT, sociedade mercantil ou outro tipo de sociedade ou agrupación.

**CADRO B.** Sinalarase con X o recadro que corresponda en cada caso:

- Alta, cando sexa a primeira vez que se declara a actividade industrial da adega ou almacén; baixa, para comunicación do cesamento da actividade; modificación, se cambiou algún dos datos solicitados: propietario, nome da industria, etc.
- Adega ou almacén.
- N.I.D.P.B: número de identificación da adega de produción ou do almacén, asignado pola comunidade autónoma onde radiquen.

**CADRO C.** As cantidades que se deben reflectir neste cadro son as existencias o 31 de xullo, de produtos a granel e envasados, consignadas en hectolitros (1 hectolitro = 100 litros) do correspondente viño ou mosto, cun decimal e sen arredondamento.

As existencias indícanse nos recadros correspondentes a cada caso: "Existencias en poder de produtores" ou "Existencias en poder de almacenistas".

**DEFINICIÓNS**

- Viño con denominación de orixe protexida: viño cuxas características se axustan ao establecido na alínea 1.a) do artigo 118 ter do Regulamento (CE) nº 1234/2007.
- Viño con indicación xeográfica protexida: viño cuxas características se axustan ao establecido na alínea 1.b) do artigo 118 ter do Regulamento (CE) nº 1234/2007.
- Viños varietais sen DOP ou IXP: aqueles viños que, sen estaren adscritos a unha DOP ou IXP, mencionan a variedade nos termos establecidos polo Regulamento (CE) nº 1234/2007.
- Viño sen indicación xeográfica: aquel viño que non cumpre co establecido no artigo 118 ter do Regulamento (CE) nº 1234/2007, nin coa definición de viños varietais sen DOP ou IXP.
- Restantes viños: os que non son viños con denominación de orixe protexida, con indicación xeográfica ou sen cualificar. Inclúense neste grupo os viños espumosos, aromatizados, de licor, etc., non cualificados como viños con indicación xeográfica.

**EXEMPLARES DE DECLARACIÓN E DESTINOS**

- Orixinal: COMUNIDADE AUTÓNOMA
- Copia: PROPIETARIO DAS EXISTENCIAS.





**DORSO DO ANEXO II a****PERSOAS OBRIGADAS A PRESENTAR A DECLARACIÓN**

Todos os colleiteiros definidos como persoa física ou xurídica, ou agrupación de persoas físicas ou xurídicas con independencia da forma xurídica da agrupación ou dos seus membros, que obtén o produto anual da parcela de viñedo ben por ser o seu propietario, ben por ter atribuído un dereito sobre ela.

**PERSOAS EXENTAS DE PRESENTAR A DECLARACIÓN**

As que destinen a totalidade da súa colleita ao consumo en estado natural, á pasificación ou á transformación directa en zume de uva.

Aquelas cuxas explotacións teñan menos de 0,1 hectáreas de viñedo en produción e que non comercializasen nin vaian comercializar ningunha parte da súa colleita.

**NÚMERO DE DECLARACIÓNS QUE DEBERÁ PRESENTAR CADA PERSOA OBRIGADA**

O colleiteiro cubrirá unha declaración por cada unidade territorial establecida pola comunidade autónoma en que posúa superficies de viñedo en produción, utilizando un único exemplar deste anexo IIa, referido ao viñedo situado na citada unidade territorial.

**PRAZO DE PRESENTACIÓN**

Ata o 10 de decembro.

**LUGAR DE PRESENTACIÓN**

Ante o órgano designado pola comunidade autónoma onde radique a superficie de viñedo; a presentación pódese realizar mediante entrega no rexistro, envío por correo certificado ou calquera outro procedemento previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

**INCLUSIÓN DOS DATOS SOLICITADOS NO IMPRESO**

**UNIDADES.-** Os datos indícaranse nos diferentes recadros deste impreso, de acordo cos seguintes criterios: superficie en hectáreas (ha) (10.000 metros cadrados), con dous decimais; masa en 100 quilos, con dous decimais; rendemento en quilos por hectárea (kg/ha), cun decimal. En todos os casos a supresión de decimais efectuarase sen arredondamento.

**CADRO A.-** Sinalarase con X o recadro que corresponda a cada caso: alta, cando sexa a primeira vez que se presenta a declaración; baixa, para a comunicación do cesamento na actividade do colleiteiro; modificación, se cambiou a súa razón social, domicilio, etc.

**CADRO B.-** Consignaranse os totais correspondentes á unidade territorial establecida pola comunidade autónoma, relativos a cada un dos cinco tipos de aptitudes do viñedo.

**CADRO C.-** Indícaranse os diferentes destinos da colleita de uva diferenciando en cada liña as cantidades obtidas, en 100 kg, a partir dos distintos tipos de viñedo citados na columna da esquerda.

**CADRO D.-** Relacionaranse os destinatarios a que o colleiteiro entregou uva ou mosto, indicándose a continuación os quilos (en 100 kg) de uva facilitados a cada un deles, diferenciados en función do tipo de viñedo de procedencia.

**DEFINICIÓNS**

- Viño con denominación de orixe protexida: viño cuxas características se axustan ao establecido na alínea 1.a) do 118 ter do Regulamento (CE) nº 1234/2007

- Viño con indicación xeográfica protexida: viño cuxas características se axustan ao establecido na alínea 1.b) do artigo 118 ter do Regulamento (CE) nº 1234/2007

- Viños varietais sen DOP ou IXP: aqueles viños que, sen estaren adscritos a unha DOP ou IXP, mencionan a variedade nos termos establecidos polo Regulamento (CE) nº 1234/2007.

- Viño sen indicación xeográfica: aquel viño que non cumpre co establecido no artigo 118 ter do Regulamento (CE) nº 1234/2007 nin coa definición de viños varietais sen DOP ou IXP.

- Restantes viños: os que non son viños con denominación de orixe protexida, con indicación xeográfica ou sen cualificar. Inclúense neste grupo os viños espumosos, aromatizados, de licor, etc., non cualificados como viños con indicación xeográfica.

**EXEMPLARES DE DECLARACIÓN E DESTINOS**

- Orixinal: COMUNIDADE AUTÓNOMA.

- Copia: COLLEITEIRO.

**ANEXO II b**  
**DECLARACIÓN DE COLLEITA DE UVA**  
[Aplicación do artigo 8 do R(CE) 436/2009]

CAMPAÑA 20...../.....

Código (\*)  
□ □ □ □ □ □

IMPRESO Nº .....

CADRO A

DATOS PERSOAIS DO COLLEITEIRO	
Alta <input type="checkbox"/>	Baixa <input type="checkbox"/> Modificación <input type="checkbox"/>
NIF .....	
Apelidos e nome ou razón social .....	
Domicilio .....	
Localidade ..... (*)	
Provincia .....	C.P. [ ] (*) [ ]
Número de teléfono	
NIF do titular do viñado se non é o colleiteiro. ....	
(Cando se dispoña de etiqueta identificativa con todos os datos correctos, deberase adherir encima deste cadro)	

CADRO B: REFERENCIA SIXPAC DAS PARCELAS DE VIÑEDO

DATOS DO VIÑEDO	Provincia	Municipio	Polígono	Parcela	Recinto	Superficie ha	Produción – 100 kg	
							Tinta	Branca
Viños con denominación de orixe protexida								
Viños con indicación xeográfica protexida								
Viños varietais								
Viños sen DOP e IXP								
Outros								
<b>TOTAL</b>								

DORSO DO ANEXO II b

**TODO COLLEITEIRO QUE REALICE A DECLARACIÓN DE COLLEITA (ANEXO II a) PRESENTARÁ O ANEXO II- b EN QUE INDICARÁ TODAS AS REFERENCIAS SIXPAC DAS PARCELAS DE VIÑEDO E A SÚA PRODUCCIÓN SEGUNDO A SÚA ORIENTACIÓN.**

**INCLUSIÓN DOS DATOS SOLICITADOS NO IMPRESO**

**UNIDADES.-** Os datos indícaranse nos diferentes recadros deste impreso, de acordo cos seguintes criterios: a superficie en hectáreas (ha) (10.000 metros cadrados), con dous decimais; masa en 100 quilos, con dous decimais. En todos os casos a supresión de decimais realizarase sen arredondamento.

**CADRO A.-** Cubrirase cos datos do cadro A, que figuran no anexo II.

**CADRO B.-** Indicarase a referencia SIXPAC das parcelas. Os datos deste cadro coincidirán cos do cadro B do anexo IIa. A produción consígnarase globalmente para cada tipo de orientación da produción e para o conxunto de parcelas.

**EXEMPLARES E DESTINOS**

- Orixinal: COMUNIDADE AUTÓNOMA

- Copia: PRODUTOR.

**ANEXO III**  
**Declaración de producción**  
[Aplicación do artigo 9 do R(CE) 436/2009]

**CAMPAÑA 20...../.....**

Código (\*)  
□□□□□□

(Cando se dispoña de etiquetas identificativas con todos os datos correctos, deberanse adherir encima dos cadros A e B)

**CADRO A**

DATOS DO PRODUTOR	
Alta <input type="checkbox"/>	Baixa <input type="checkbox"/>
Modificación <input type="checkbox"/>	
Persoa física <input type="checkbox"/>	Cooperativa <input type="checkbox"/>
SAT <input type="checkbox"/>	Soc. mercantil <input type="checkbox"/>
Outras <input type="checkbox"/>	
NIF .....	
Apelidos e nome ou razón social .....	
Domicilio .....	
Localidade .....	(*)
Provincia .....	C.P. .... (*)
Número de teléfono .....	

**CADRO B**

DATOS DA ADEGA	
Alta <input type="checkbox"/>	Baixa <input type="checkbox"/>
Modificación <input type="checkbox"/>	
N.I.D.P.B. ....	
Apelidos e nome ou razón social do propietario .....	
Nome da industria .....	
Domicilio da industria .....	
Localidade .....	(*)
Provincia .....	C.P. .... (*)
Núm. industrias agrarias .....	
Número de teléfono .....	

**CADRO C**

PRODUTOS DESTINADOS Á PRODUCCIÓN DE: (1)	CANTIDADE DE PRODUTOS - hl (2)	SUPERFICIE DE VIÑEDO EN PRODUCCIÓN - ha (3)	RENDEMENTO hl/ha (4)
Viños con DOP			
Viños con IXP			
Viños varietais sen DOP nin IXP			
Viños sen indicación xeográfica			
Outros viños			
Mostos sen concentrar			
Outros produtos			

**CADRO D**

DENOMINACIÓN A QUE PERTENCE:
.....
.....
Código D.O. .... (*)
Nº rexistro da adega de produción en Consello Regulador.....
.....
.....

**CADRO E**

MOSTOS E VIÑOS OBTIDOS DESDE O COMEZO DA CAMPAÑA QUE SE ENCONTREN EN PODER DO DECLARANTE O 25 DE NOVEMBRO	MOSTOS SEN CONCENTRAR			VIÑOS		
	Tinto/Rosado hl (5)	Branco hl (6)	Total hl (7)	Tinto/Rosado hl (8)	Branco hl (9)	Total hl (10)
Viños con DOP						
Viños con IXP						
Viños varietais sen DOP nin IXP						
Viños sen indicación xeográfica						
Outros viños						
Outros produtos	PRODUTOS		hl (11)	PRODUTOS		hl (12)
	Mosto concentrado .....	a		Mosto concentrado rectificado	c	
	Zume de uva .....	b				

NOTA: Antes de cubrir este impreso, lea detidamente as instrucións reflectidas no dorso.  
(\*) Para cubrir a Administración.

Autorízase a inclusión dos datos persoais declarados en ficheiros automatizados, para a súa utilización de acordo co previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e nas disposicións que a desenvolven.

ESTA DECLARACIÓN VAI XUNTO CO SEGUINTE NÚMERO DE ANEXOS:

- Anexo III-a ..... exemplares
- Anexo III-b..... exemplares

..... de ..... de 20....

O PRODUTOR,

**DORSO DO ANEXO III****PERSOAS OBRIGADAS A PRESENTAR A DECLARACIÓN**

Todas as persoas físicas ou xurídicas, ou as súas agrupacións, incluídas as adegas cooperativas que, respecto da campaña en curso, elaborasen mosto ou viño.

**PERSOAS EXENTAS DE PRESENTAR A DECLARACIÓN**

Os produtores que son colleiteiros cuxa produción total de uva estea destinada ao consumo en estado natural, á pasificación ou á transformación directa en zume de uva. Os produtores que son colleiteiros e cuxas explotacións teñan menos de 10 áreas (1.000 metros cadrados) de viñedo en produción e que non comercializasen nin vaian comercializar ningunha parte da súa colleita. Os produtores que obteñan nas súas instalacións, mediante vinificación de produtos comprados, unha cantidade de viño inferior a 10 hectolitros (1000 litros), non destinada á comercialización.

Os socios, ou membros dunha adega cooperativa suxeita á obriga de presentar unha declaración, que entreguen toda a súa produción a esa adega, aínda que reserven para eles unha pequena parte para obter mediante vinificación unha cantidade de viño inferior a 10 hectolitros (1000 litros), destinada ao seu consumo particular.

**NÚMERO DE DECLARACIÓNS QUE DEBERÁ PRESENTAR CADA PERSOA OBRIGADA E DOCUMENTOS QUE A INTEGRAN**

Formularase unha declaración por cada instalación, utilizando un único exemplar deste anexo III, xunto cos necesarios do anexo IIIa e IIIb.

**PRAZO DE PRESENTACIÓN**

Do 26 de novembro ata o 10 de decembro.

**LUGAR DE PRESENTACIÓN**

Ante o órgano designado pola comunidade autónoma onde radique a instalación; a presentación pódese realizar mediante entrega no rexistro, envío por correo certificado, ou calquera procedemento previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

**INCLUSIÓN DOS DATOS SOLICITADOS**

Todos os datos solicitados referiranse ao 25 de novembro. Co obxecto de facilitar a formalización do impreso, a referencia relativa aos datos consignados nos seus diferentes recadros efectúase indicando entre parénteses os números asignados ás súas respectivas columnas.

**UNIDADES.-** Os datos indicaranse nos diferentes recadros deste impreso, de acordo cos seguintes criterios: superficie en hectáreas (ha) (10.000 metros cadrados), con dous decimais; volume en hectolitros (hl) (100 litros), con dous decimais; rendemento en hectolitros por hectárea (hl/ha), cun decimal. En todos os casos a supresión de decimais realizarase sen arredondamento.

**CADRO A.-** Indicaranse os datos do produtor que está obrigado a presentar a declaración, sinalando con X o recadro que corresponda en cada caso:

- Alta, cando sexa a primeira vez que se presenta a declaración; baixa, a comunicación do cesamento na actividade industrial; modificación, se cambiou a súa razón social, domicilio etc.
- Persoa física, cooperativa, SAT, sociedade mercantil, outro tipo de sociedade ou agrupación.

**CADRO B.-** Indicaranse os datos da instalación. Así mesmo, sinalarase con X o recadro que corresponde en cada caso:

- Alta, cando sexa a primeira vez que se declara a actividade industrial da adega;
- Baixa, para comunicación do cesamento da actividade; modificación, se cambiou algún dos datos solicitados: propietario, nome da industria, etc.
- N.I.D.P.B. Número de identificación da adega de produción, ou do almacén, asignado pola comunidade autónoma onde radique.

**CADRO C.-** Columna (2).- En cada recadro consignarase a suma das columnas (2) e (3) do correspondente anexo IIIa (viños con DOP, con IXP, varietais sen DOP nin IXP, sen indicación xeográfica, outros viños e outros produtos).

Columna (3).- En cada recadro indicarse o total da columna (5) do correspondente anexo IIIa (viños con DOP, con IXP, varietais sen DOP nin IXP, sen indicación xeográfica, outros viños e outros produtos).

Columna (4).- A cantidade consignada en cada recadro será  $(4) = (2) / (3)$ .

**CADRO D.-** Citarase a denominación de orixe a que pertencen os viños con DOP, producidos ou que se vaian producir. No número de rexistro da adega indicaranse todos os correspondentes a esta.

**CADRO E.-** Columnas (5), (6) e (7).- Indicaranse os hl de mostos sen concentrar (produto non transformado) coas súas lias, diferenciados en función da súa aptitude para a obtención dos grupos de viño citados na columna da esquerda. A columna (7) = (5) + (6).

Columnas (8), (9) e (10).- Anotaranse os hl obtidos dos distintos viños coas súas lias, diferenciados en función da clasificación que figura na columna da esquerda. A columna (10) = (8) + (9).

Columnas (11) e (12).- Indicaranse os hl obtidos de cada un dos produtos citados nos recadros a, b e c.

**DEFINICIÓNS**

- Viño con denominación de orixe protexida: viño cuxas características se axustan ao establecido na alínea 1.a) do artigo 118 ter do Regulamento (CE) nº 1234/2007.
- Viño con indicación xeográfica protexida: viño cuxas características se axustan ao establecido na alínea 1.b) do artigo 118 ter do Regulamento (CE) nº 1234/2007.
- Viños varietais sen DOP ou IXP: aqueles viños que, sen estaren adscritos a unha DOP ou IXP, mencionan a variedade nos termos establecidos polo Regulamento (CE) nº 1234/2007.
- Viño sen indicación xeográfica: aquel viño que non cumpre co establecido no artigo 118 ter do Regulamento (CE) nº 1234/2007 nin coa definición de viños varietais sen DOP ou IXP.
- Restantes viños: os que non son viños con denominación de orixe protexida, con indicación xeográfica ou sen cualificar. Inclúense neste grupo os viños espumosos, aromatizados, de licor, etc., non cualificados como viños con indicación xeográfica.

**EXEMPLARES DE DECLARACIÓN E DESTINOS**

- Orixinal: COMUNIDADE AUTÓNOMA
- Copia: PRODUTOR

ANEXO IIIa

DECLARACIÓN DE PRODUCCIÓN  
CAMPAÑA 20...../.....

RELACIÓN DE PROVEDORES QUE ENTREGARON PRODUCTOS CON DESTINO Á ELABORACIÓN DE:

- 1 VIÑO CON DOP       3 VIÑO VARIETAL       5. OUTROS VIÑOS       7. OUTROS PRODUCTOS   
 2 VIÑO CON IXP       4 VIÑOS SEN DOP NIN IXP       6. MOSTOS

(Débese utilizar un impreso distinto para cada destino indicado, sinalando o cadro correspondente)

IMPRESO Nº .....

CADRO A	
DATOS DO PRODUTOR	
NIF	
Apelidos e nome ou razón social .....	
Domicilio .....	
Localidade .....	
Provincia .....	
(Cando se dispoña de etiqueta identificativa con todos os datos correctos, deberase adherir encima deste cadro)	

CADRO B

DATOS DO PRODUTO ENTREGADO					RELACIÓN DE PROVEDORES, INCLUIDO O DECLARANTE, OU SOCIOS DE COOPERATIVA E SAT					
Produto (1)	Cantidade expresada en hl		Rendemento hl/ha (4)	Superficie ha (5)	Viñedo orixe apto para:	Nome e apelidos ou razón social do subministrador, socio de cooperativa ou SAT (10)	NIF (11)	Nº referencia xustificante Anexo III-b (12)	Provincia (13)	Código (*) (14)
	Tinto/Rosado (2)	Branco (3)								
					..... Suma anterior de produtos con igual destino					
					V	V	V	O		
					i	i	i	u		
					ñ	ñ	ñ	t		
					o	o	o	r		
								o		
					D	I	S	S		
								e		
					O	X	n			
					P	P	i			
							X			
					..... Suma e segue ou Total do destino sinalado					

NOTA: Antes de cubrir este impreso, lea detidamente as instrucións reflectidas no dorso.

(\*) Para cubrir a Administración.

..... de ..... de 20....

O PRODUTOR

## DORSO DO ANEXO III a

O ANEXO IIIa PRESENTARASE CONXUNTAMENTE CO ANEXO III, CORRESPONDENTE Á DECLARACIÓN DE PRODUCCIÓN, INCLUSO CANDO O PROPIO DECLARANTE SEXA O ÚNICO PROVEDOR.

DÉBESE UTILIZAR UN IMPRESO PARA CADA DESTINO DOS PRODUTOS ENTREGADOS (VIÑO CON DOP, VIÑO CON IXP, VIÑO VARIETAL, OUTROS VIÑOS, OUTROS PRODUTOS), EN QUE SE SINALARÁ CON X O RECADRO CORRESPONDENTE.

O MOSTO NON TRANSFORMADO --NO MOMENTO DA DECLARACIÓN- DEBE FIGURAR NOS CORRESPONDENTES IMPRESOS EN QUE SE CITAN OS PRODUTOS DESTINADOS A VIÑOS, PARA CONSIGNALO POSTERIORMENTE NAS COLUMNAS (5), (6) E (7) DO CADRO E DO ANEXO III, RELATIVAS A "MOSTOS SEN CONCENTRAR".

CANDO SEXAN INSUFICIENTES AS LIÑAS DO CADRO B, UTILIZARANSE OS IMPRESOS ADICIONAIS NECESARIOS.

OS IMPRESOS NUMERARANSE SECUENCIALMENTE, NA EPÍGRAFE "IMPRESO Nº".

### INCLUSIÓN DOS DATOS SOLICITADOS

UNIDADES.- Os datos indicaranse nos diferentes recadros deste impreso, de acordo cos seguintes criterios: superficie en hectáreas (ha) (10.000 metros cadrados), con dous decimais; volume en hectolitros (hl) (100 litros), con dous decimais, os (hl) de produtos incluídos en impresos con destino á elaboración de viños indicaranse en equivalentes de viño calculados a partir dos 100 kg da uva de procedencia multiplicados por 0,74; os mostos concentrados ou transformados en zume indicaranse en hl do produto obtido. En todos os casos a supresión de decimais realizarase sen arredondamento.

CADRO A.- Cubrirase cos datos que figuran no cadro A do anexo III.

CADRO B.- Columna (1).- Indicarase a denominación comunitaria dos produtos entregados: uva, mosto de uva, mosto de uva concentrado, mosto de uva concentrado rectificado, mosto de uva parcialmente fermentado, etc.

Columnas (2) e (3).- Reflectiranse as cantidades dos produtos da columna (1), expresadas en hl, diferenciándose o destino da produción en tinto/rosado e branco.

Columna (4).- Consignaranse os rendementos en hl/ha obtidos no viñedo de procedencia de cada partida. Estes deben coincidir cos declarados no correspondente anexo II (declaración de colleita de uva), polas persoas obrigadas á súa presentación, e cos que figuren no anexo III b para as operacións de compravenda. Deberase cumprir a relación  $(4)=[(2)+(3)]/(5)$ .

Columna (5).- Indicarase a superficie de produción en ha de que proceden as cantidades reflectidas nas columnas (2) e (3). Para os recadros de cada liña deberase cumprir a relación:  $(5)=[(2)+(3)]/(4)$ .

Columnas (6), (7), (8) e (9).- Marcarase cun X a aptitude do viñedo de que procede o produto, na columna en que figura consignado verticalmente o tipo do viñedo que corresponda. Os datos indicados nestas columnas deben coincidir cos consignados no anexo III b para cada partida.

Columnas (10), (11), (12) e (13) Consignaranse os datos de identificación dos provedores de partidas, incluídos os socios de cooperativas ou SAT. Para os produtos colleitados polo propio declarante indicaranse na columna (10) "declarante", e non será necesario cubrir os restantes recadros. A columna (12) cubrirase unicamente cando exista compravenda do produto.

Suma e segue ou total do destino sinalado.- Marcarase cun X o recadro que corresponda en cada caso, segundo se trate de impresos que conteñan sumas parciais ou o total dos produtos, con análogo destino ao sinalado.

### EXEMPLARES E DESTINOS

- Orixinal: COMUNIDADE AUTÓNOMA

- Copia: PRODUTOR.

Impreso nº:

ANEXO IIIb  
Xustificante de compravenda de produtos

CAMPAÑA 20..../....

Nº de referencia .....

CADRO A

CADRO B

DATOS DO COMPRADOR	DATOS DO PROVEDOR
NIF .....	NIF .....
Apelidos e nome ou razón social .....	Apelidos e nome ou razón social .....
Domicilio .....	Domicilio .....
Localidade ..... (*) <input type="text"/>	Localidade ..... (*) <input type="text"/>
Provincia ..... C.P. <input type="text"/> (*) <input type="text"/>	Provincia ..... C.P. <input type="text"/> (*) <input type="text"/>
Número de teléfono .....	Número de teléfono .....

(Cando se dispoña de etiquetas identificativas con todos os datos correctos, deberanse adherir encima dos cadros A e B).

CADRO C

DATOS DO PRODUTO ENTREGADO
1. Natureza .....
2. Cantidade .....
3. Obtido en .....
4. O produto procede de viñedo con variedades clasificadas para: <input type="checkbox"/> 1 Viño DOP <input type="checkbox"/> 2 Viño IXP <input type="checkbox"/> 3 Viño varietal <input type="checkbox"/> 4 Outros viños <input type="checkbox"/> 5 Varios usos <input type="checkbox"/> 6 Non apta vinificación
5. Rendemento medio do viñedo da explotación, que corresponde ao tipo de variedades sinalado no punto 4. Rendemento .....
Este valor debe coincidir co reflectido no anexo II -declaración de colleita de uva- do provedor obrigado á súa presentación, para o tipo de viñedo sinalado no punto 4.
6. Nº do documento que acompaña o produto (cando se requira) .....

Autorízase a inclusión dos datos persoais declarados en ficheiros automatizados, para a súa utilización de acordo co previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e nas disposicións que a desenvolven

....., ..... de ..... de 20....

Conforme:  
O COMPRADOR,

O PROVEDOR,

NOTA: antes de cubrir este impreso, lea detidamente as instrucións reflectidas no dorso.

(\*) Para cubrir a Administración.



## DORSO DO ANEXO III b

O ORIXINAL E A PRIMEIRA COPIA DESTE ANEXO III b DÉBELLOS FACILITAR O PROVEDOR AO COMPRADOR DA MERCADORÍA.

O ORIXINAL, ASINADO TAMÉN POLO COMPRADOR, DÉBESE XUNTAR Á DECLARACIÓN DE PRODUCCIÓN (ANEXO III).

### INCLUSIÓN DOS DATOS SOLICITADOS

**Nº referencia.**- Consignarao o comprador, que o citará na columna (12) do impreso do anexo III a.

**CADRO A.**- Cubrirase cos datos que figuran no anexo III.

**CADRO B.**- Cubrirase cos datos do provedor.

- CADRO C.**
1. Natureza.- Consignarase a denominación comunitaria do produto entregado: uva, mosto de uva, mosto de uva concentrado, mosto de uva concentrado rectificado, mosto de uva parcialmente fermentado ou viño novo aínda en fermentación.
  2. Cantidade.- Entrega efectuada en hectolitros. A cantidade de uva entregada consignarase en hectolitros de viño equivalentes, calculados a partir dos 100 quilos de uva de procedencia multiplicados por 0,74.
  - 3 e 4. Provincia de orixe da uva e viñedo de procedencia.- Son os correspondentes ao produto entregado.
  5. Rendemento.- Débese indicar o correspondente á unidade territorial e ao tipo de viñedo citados nos números anteriores 3 e 4.
  6. Nº do documento que se xunta ao produto.- Consignarase o número cando o transporte do produto se efectúa xunto con este, de acordo co establecido no Regulamento (CE) nº 436/2009, da Comisión.

### EXEMPLARES E DESTINO

- Orixinal: ADMINISTRACIÓN
- Primeira copia: COMPRADOR.
- Segunda copia: PROVEDOR.

## ANEXO IV

## Declaración de destino das producións de plantacións ilegais

CAMPAÑA 20..... / .....

## CADRO A

DATOS DO DECLARANTE	
PROPIETARIO DA PARCELA	<input type="text"/>
RESPONSABLE DA PLANTACIÓN ILEGAL	<input type="text"/>
Apelidos e nome ou razón social :.....	
NIF: .....	
Domicilio: .....	
Localidade: .....	
Provincia: ..... C.P.: .....	
Teléfono de contacto .....	

## CADRO B.- REFERENCIA SIXPAC DAS PARCELAS CON PLANTACIÓNS ILEGAIS DE VIÑEDO

Provincia	Municipio	Polígono	Parcela	Subp.	Superficie (ha)	Produción (100 kg)	Rendemento (100 kg/ha)

## CADRO C.- DATOS DAS ADEGAS ÁS CALES SE ENTREGA A UVA

Apelidos e nome ou razón social	NIF	Municipio	Provincia

D. – DATOS DO DESTINO DA PRODUCCIÓN QUE NON TIVO COMO DESTINO UNHA ADEGA PARA A SÚA POSTERIOR DESTILACIÓN.

Outro destino autorizado pola comunidade autónoma

Autorízase a inclusión dos datos persoais declarados en ficheiros automatizados, para a súa utilización de acordo co previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e nas disposicións que a desenvolven.

....., ..... de ..... de 20..

O DECLARANTE

## DORSO DO ANEXO IV

### **PERSOAS OBRIGADAS A PRESENTAR A DECLARACIÓN**

Todas as persoas que obtivesen uvas de parcelas plantadas sen permiso da Administración e que non fosen regularizadas.

### **NÚMERO DE DECLARACIÓNS QUE DEBERÁ PRESENTAR CADA PERSOA OBRIGADA**

Presentarase unha declaración por comunidade autónoma en que radiquen superficies de viñedo plantadas sen autorización, utilizando un único exemplar deste anexo IV referido ao viñedo situado na citada comunidade

### **PRAZO DE PRESENTACIÓN**

Ata o 10 de decembro.

### **LUGAR DE PRESENTACIÓN**

Ante o órgano designado pola comunidade autónoma onde radique a superficie de viñedo; a presentación pódese realizar mediante entrega no rexistro, envío por correo certificado ou calquera outro procedemento previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

**UNIDADES.-** Os datos indicaranse nos diferentes recadros deste impreso, de acordo cos seguintes criterios: superficie en hectáreas (ha) (10.000 metros cadrados), con dous decimais; masa en 100 quilos, con dous decimais; rendemento en 100 quilos por hectárea (kg/ha), cun decimal. En todos os casos, a supresión de decimais realizarase sen arredondamento.

### **EXEMPLARES DE DECLARACIÓN E DESTINOS**

- Orixinal: COMUNIDADE AUTÓNOMA.
- Copia: DECLARANTE.